



## Concello de Cangas

**A escola de familias** é unha actividade na que se tratan temas psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que teñen que ver coa nosa formación e a dos nosos fillos e fillas. Temas como a comunicación e o benestar da familia, as habilidades sociais, o manexo emocional, a educación para a saúde ou a autoestima, se abordan nas clases dunha maneira amena, sinxela, participativa e aberta.

Non é unha reunión de persoas expertas, senón de pais, nais ou persoas que exercen esa función educadora, que se xuntan nun espazo de reflexión onde se pode falar, onde te escoitan e onde podes aprender e aportar algo. O clima que se crea e de gran confianza, xa que as persoas que asisten teñen intereses semellantes aos teus respecto á crianza de fillos e fillas: que sexan responsables, que respecten ás outras persoas, que desenvolvan as súas habilidades, que estean ben... **A educación é a mellor estratexia** para acadar esta meta.

A ninguén lle ensinaron a ser pai ou nai pero lembra que somos modelos a imitar. Influír dun xeito positivo nos fillos e fillas fará que poidamos axudalos na súa andaina pola vida. Nestas escolas **disfrutamos aprendendo para que disfrutes educando.**

Si te apetece participar, te esperamos para comenzar esta andaina. Os días e horarios acordados polos grupos nas reunións iniciais son:

**CEIP A Rúa. Martes, 31 de outubro de 17.00 a 19.00**

**Casa da Xuventude. Mércores 8 de novembro de 16.00 a 18.00**

**IES Rodeira. Mércores 8 de novembro de 18.30 a 20.30**

Recordaros que aínda que esta última está máis orientada a pais e nais con fillos en secundaria, **podedes asistir ao grupo que queirades.** As reunións son quincenais.

Un saúdo

Alberto Casqueiro